

Ilustracións: **Laura M^a García Brea**
Maquetación: **factork**

LIMIAR

Hai un tempo o sociólogo arxelino-francés, Sami Naïr, afirmaba que si Europa segue tratando a inmigración como un simple factor económico de solución policial, seguirá vendo chegar o inevitable: máis barcos.

Sen embargo, non cabe dúbida de que as migracións internacionais son unha cuestión cada vez mais importante na economía mundial, xa que case todos os países se ven afectados pola crecente mobilidade de persoas en busca de oportunidades, maior calidade de vida e seguridade.

Un fluxo de persoas que debe de ser organizado de maneira coherente para evitar colapsar nos planos social e económico ós países receptores, pero tamén de xeito solidario para contribuír a atallar o desfase Norte-Sur, penalizando as mafias de traficantes que explotan os “sen papeis” e poñendo como obxectivo o codesenvolvemento como factor de estabilización dos países emisores.

Porque se a emigración existe desde que existe o ser humano, os fluxos migratorios na economía globalizada son un fenómeno crecente e cada vez mais complexo. Gran parte das actuais migracións están relacionadas directa ou indirectamente co mundo do traballo. Así dos 175 millóns de persoas que viven fora dos seus países de orixe, 85 millóns forman parte da poboación activa, sendo a metade mulleres.

Substancialmente a diferenza do actual proceso migratorio con outros que se produciron na historia, esta relacionado con varios aspectos, a herdanza dos dereitos humanos: as persoas agora saben que teñen dereitos. Tamén a

dimensión de xénero migratorio: antes eran maioritariamente homes, as mulleres agora emigran solas ou cos fillos xa que a pobreza lles afecta en maior medida.

Neste contexto a Escola e os profesionais do ensino, teñen un papel pedagóxico fundamental, abrir as mentes dos futuros cidadáns cara diversidade, o respecto democrático a solidariedade. Porque é nas aulas onde a pluralidade se converte nun valor, a vez que se recoñecen e defenden os mesmos dereitos independentemente do sexo, crenzas relixiosas, país de procedencia ou situación legal.

O compromiso na loita contra todo tipo de discriminación, e unha constante da UGT. Esperamos que coa reedición desta campaña de sensibilización dende a escola contribuamos a través dos ollos dos nenos a ver a diversidade como a historia de todos, os que son de aquí e os que veñen a compartir o futuro con nos.

6

José Antonio Gómez Gómez

Secretario Xeral de UGT-Galicia

CARTAS, CONTOS E XOGOS DOS MENOS E
MENAS DOUTROS CONTINENTES

PRESENTACION:

Este é un libro de cartas e historias chegadas dos cinco continentes. As escriben nenos e nenas que como ti, se fan moitas preguntas sobre o que viven e senten. Preguntas sobre cales son os seus dereitos ou como poden contribuír a que o mundo sexa un pouco mellor. As cartas e os contos que ides a ler chegaron de moi diferentes formas. Unhas veces voando no pico dunha cigüeña, outras as trouxo o carteiro e algunhas viñeron no peto de amigos e amigas que viaxaron como cooperantes ós países de América, Asia e África.

Xa sei que vos estades preguntando quen son eu e porque recibo cartas... bueno, pois eu son un fotógrafo, unha especie de vagabundo aventureiro que viaxo polo mundo intentando coñecer que é o que lles ocorre aos nenos e as nenas.

Ó longo das miñas viaxes aprendín moito, por exemplo como se ten que convencer a un crocodilo para que non te coma, a non perderte no deserto guiándote polas estrelas ou a refuxiarte do frío da noite na soidade das montañas xeadas. Todo isto é sen dúbida moi importante, pero moito máis é aprender a coñecer os dereitos dos nenos e nenas. Por elo, quixen reunir neste pequeno caderno, todas as cartas, os contos e os xogos que me enviaches. É unha fermosa forma de aprender coa cabeza e o corazón.

Xavier.

CAPITULO 1.- OS DEREITOS DOS MENOS E AS MENAS.

Os maiores sempre están falando do que debemos facer... pero moi poucas veces nos explican que os nenos e as nenas tamén tendes dereitos.

12

Todos os nenos e as nenas do mundo tendes dereitos. Os dereitos son o que necesitamos para ter unha vida sona e feliz. Os dereitos veñen recollidos nunha lei que se chama A convención sobre dereitos da Infancia. Nesta lei, reconécese que cada neno, cada nena, é un ser humano, único e irrepetible.

Todos e todas tendes dereito a ir ó colexio, a xogar, a comer, a que as persoas adultas nos escoiten, a participar naquelas cousas que nos interesan, a que nos coiden cando estamos enfermos, a ter unha familia, unha nacionalidade e sobre todo a ser felices.

E por que tendes dereitos, ninguén pode ser discriminado pola cor da súa pel, porque nacera noutro lugar, por ser neno ou nena, nin tampouco polas súas opinións ou crenzas relixiosas.

As nenas e os nenos tendes dereitos e podeades actuar, igual que as persoas adultas, para que se vos respecte.

Os dereitos das nenas e os nenos son moi importantes, tanto que existe unha Lei que intentan que se cumpran. Chamase Convención sobre os dereitos da infancia. Trátase dun tratado internacional ratificado por caseque todos os países do mundo. Nesta Lei recóllense todas as obrigas que os Estados teñen que cumprir en relación ás necesidades dos nenos e as nenas. Firmouse o 20 de novembro de 1989.

Adoptar a convención obriga aos Estados a Cumprila. Isto supón facer novas leises ou modificar as existentes para salvagardar os dereitos dos nenos e as nenas.

CAPITULO 2.- D E R E I T O A T E R U N N O M E E U N H A N A C I O N A L I D A D E

UNHA CARTA VIDA DE AMERICA

14
Moi estimado Xavier:

Pasou moito tempo dende que estiveches na aldea e dende entón non te podes imaxinar a de cousas que foron sucedendo. Eu medrei moito. Dí a aboa que pronto seria alta e estirada como un cocotal e meu irmá chámame cotorra por todo o que falo. A min non mi importa. Gústanme as palabras, todas as palabras, dende as pequenas coas que nomeo a mami ate as grandes como Tegucigalpa, dende as que soan rico como a marmelada ate as que son rotundas como catarata. No caderno que me regalaches vou escribindo as palabras que aprendo novas. A veces imaxínome que podo collelas coas máns, como ás formigas que corren cerca e gardalas nos petos. Dí mami que a maxia faise pronunciando as palabras axeitadas. Que

cando desexas algo moito soio tes que atopar como dicilo, repetilo en voz alta e tratar de conseguilo.

Hai uns meses que estivo chovendo sen parar unha semana enteira. Cando por fin puidemos saír da cabaña, descubrimos que a chuvia desmoronara as paredes de adobe da escola. Non te podes imaxinar o que chorei, chorei e chorei. Pero atopei as palabras. Falei coa aboa, con mai, co alcalde... hasta conseguir que todo o mundo se puxera a traballar. Hoxe a escola ten tres clases, unha biblioteca e unha cociña donde as nais nos fan a comida. Hai moitos nenos e nenas que veñen a clase dende moi, moi lonxe. Atravesan bosques e ríos e se non comeran na clase non poderían vir.

Agora estamos decidindo como chamar a nova escola. Eu estou apuntando todos os nomes no meu caderno e dentro duns días, votarémolos no colexio.

É importante ter un nome para todo, como ter un nome propio. O meu nome regaloumo a miña aboa que tamén se chama Leda. Para mín Leda sabe a sal do mar que molla a aldea, a doce como os postres que a aboa nos prepara e alegre como as cancións que mamá nos canta antes de durmir.

Gústame o meu nome. Creo que ter un nome é tan importante como saber que eres dun lugar... tanto como ter palabras que nomeen o que sento e o que penso. Palabras que recollo no meu caderno, que me gustaría levar nos meus petos.



escolamaxialos4unio

2.1.- UN CONTO DE AMERICA

Xavier, para que non me esquezas, envíoches moitas palabras reunidas nun conto do meu país que fala dos nomes.

Con cariño.

Leda


O PAXARO CHICUA

Ma selva amazónica existen millóns de paxaros distintos. Os nenos e nenas ticunas, coñecemos todos os nomes das aves. Distinguimos a cada unha pola pola cor das súas plumas, a forma do seu pico e as pisadas que deixan sobre a area nos grandes ríos amazónicos. Entre todos, o máis importante é o paxaro Chicua.

Cando o paxaro canta así: “Ti-Ti-Ti” é que algo bo vai ocorrer.

Pero si canta “Chi-cua chi-cua” é que algo malo sucederá. Cando vemos un paxaro Chicua chamámoslle polo seu nome e entón polo seu canto sabemos si a caza e a pesca van a ir ben... ou cando lle escoitamos “Chicua-chicua”, estanos avisando que un tigre está próximo, que o río medrará e se desbordará ou que unha araña che pode picar.

Se algunha vez vedes un paxaro Chicua deberedes recordar que soio cantará si o chamamos polo seu nome. Desta forma avisaravos das boas ou malas noticias. Os nenos e nenas ticunas, pensamos que o paxaro Chicua nunca nos engana.



2.2.- ACTIVIDADES PARA PENSAR E SORRIR

1.- OS NOMES

Mami contounos a historia dun duende da selva que roubou o lume da aldea. Isto ocorreu fai moito, moito tempo, cando soio se podía obter lume frotando dúas pedras ou paus. A aldea estivo sen lume moitos días. En castigo condenárono a ser un duende sen nome.

Como non tiña nome ninguén o chamaba, nin falaban del, nin o invitaban a nada, era como se non existira... era tan desgraciado que se agochou no hoco dun árbol e non saíu de alí ate que o houberan perdoado.

¿Que ocurriría se un día ó despertar todos tivéramos o mesmo nome? Cóntao debuxando un cómic.



2.- COMO SON

Leda leva o nome da súa aboa e ten un significado moi especial para ela. Pecha os ollos e pensa en cómo eres, no que che gusta, no que queredes ser. *Agora, cos ollos moi abertos, debuxa todo o que recorda o teu nome.*

3.- COMO É A MIÑA ESCOLA.

Para Leda a súa escola é moi importante. *¿podes escribirlle unha carta contando como é a túa?*

4.- DE DONDE SON:

Todos e todas temos unha nacionalidade, o que quere dicir que formamos parte dun país. Cando nos vamos a vivir a outro lugar podémonos sentir parte deste novo país, como si nos “adoptara” e chegaremos a sentirnos tan a gusto como no lugar donde nacemos.

Eu viaxei por todo o mundo e en cada un dos sitios donde estiven, atopei a persoas que me acolleron. *¿vives noutro país distinto do teu? ¿qué che gustaría que ocorrera cando chegas a outro país a vivir?.*



5.- NOMES DO MUNDO

A convención internacional de dereitos dos nenos e nenas di que “Todos os nenos e nenas teñen dereito a un nome e a unha nacionalidade” Todos deberían ter un nome ¿Cántos coñeces? Aquí tes algúns nomes que recollín ó longo das miñas viaxes.

¿Sabes a que país pertencen?

L a i l a

L i u W a n g

L i l a j

G l a d y s

L a i d y

Y u r i

M a r i t z a

A h m e d

T a k a s h i

A r u n d h a t i





2.3.- O LIBRO

DOS POR QUES...


Por que nada máis nacer che regalan un nome?

Por qué as nenas teñen nomes distintos aos dos nenos? Por exemplo... un neno non se chama Liliana ou Marta e unha nena non se chama Alfonso ou Pedro...

Por qué non che poden roubar o nome?

Por qué non podes ter exactamente o mesmo nome que outra persoa? E si coinciden os seus apelidos e o teu nome cos de outra persoa, cómo se che reconece a tí?

Por qué as estrelas, os ríos, os furacáns, as montañas, os paxaros e o meu can teñen nome? Por qué me chamo Hermenexilda?



2.4..- SABIAS

QUE....

Para algunhas das tribus indias de Norteamérica o nome é parta da alma. O

nacer, o pai ou a nai póñenlle un nome o seu fillo e a súa filla que nunca se revelará a ninguén.


Como éste permanece en secreto, a tribu outórgalle un novo que fará referencia a algunha característica ou a algo importante que lle ocorreu. Por exemplo "Catro lobos", "A que ve lonxe", "Toro sentado".

Na Idade media, en Europa non existían os apelidos. Se nun pobo había persoas co mesmo nome, por exemplo Marta, para poder distinguilas engadíase-lles algunha característica. Por exemplo: Marta a panadeira, Marta a do bosque,...



2.5.- ALGUNHAS COUSAS PARA FACER...

S O P A de L E T R A S



Cantos nomes podes formar coas letras que hai neste pucheiro?

Fai unha lista das veces que din o teu nome ao longo do día... Por exemplo... Cando me levanto. ¡Arriba Xavier, que se che pegaron a sabanas! Cando termino as galletas do almorzo e me berra a miña irmá ¡Xavier tragón!!!.. *Agora sigue ti...*

A Amazonia está moi lonxe pero tal vez o paxaro Chicua queira vin a vivir preto da túa casa sabes cómo prepararlle unha casa? *Colle unha caixa de cartón. Recorda unha entrada para que poida entrar o paxaro. Coloca unha corda para poder colgalo dun árbol.*

2.6.- ALGUNHAS COUSAS QUE NON DEBÉRAMOS ESQUECER

Todos os nenos e nenas do mundo teñen dereito a ter un nome e unha nacionalidade.

Ter un nome é saber quén eres e que os demais poidan identificarche. Isto é imprescindible para que se cumpran os teus dereitos.

Por iso, cando nacemos, o noso nome e apelidos deben quedar rexistrados nas oficinas do Estado. Cando viaxas dun país a outro, identifícache o teu pasaporte e eso permite que as leises te protexan.

Co teu nome e apelidos podes asistir á escola, recibir coidados médicos, ... un nome e uns apelidos son moito máis que unha sucesión de letras: significan o recoñecemento de que existes, por parte do teu país e de todos os países do mundo.



CAPITULO 3.- DEREITO A SER DIFERENTE

3.1.- A CARTA QUE CHEGOU DE AFRICA

Hola Xavier Sabes quen son? Nambi, o renacuaxo como ti me chamabas cando me atopabas chapoteando no río Como estás?

Aínda me gusta recordar o día que chegastes á aldea. Canto te vín por primeira vez con esa pel tan pálida, pensei que tal vez estabas desteñado ou despintado. Aos poucos días, cando a túa pel, con sol, se volveu completamente foxa, pensei que eras como fillo de cangrexo e cando te cubrimos de cataplasma de lama e herbas, para aliviar as queimaduras da insolación chegastes a ser igual que os gusanos de area.

Nas excursións ó río, sentábame no alto das rochas, para dende alí observar as túas longas pernas, o pelo liso, e o teu corpo movéndose con dificultade entre as túas sonoras carcaxadas e os ruídos das máns sacudindo a auga por qué a súa pel é branca como as tripas do pescado? por que non ten o noso precioso negro azulado? por que o seu pelo non é ensortixado? por que

non sabe bailar? por que a súa nariz non é como a nosa? Preguntábame a todas horas. Despois de pensar e pensar (por que sempre pensei moito) recordei a historia de Manbú.

Manbú naceu nunha aldea veciña, na ladeira do volcán durmido. O pouco tempo de dar os seus primeiros pasos comezou a medrar e medrar. Tanto medrou que tiveron que construír lle unha cabaña especial. Así e todo durmía cos pés fora da porta e o amañecer saía a catro patas. Aos sete anos de idade, Manbú era tan alto como o árbol da silva. Cando alongaba os seus brazos podía rozar as estrelas. Ser alto ten moitas vantaxes pero Manbú non as apreciaba. Manbú estaba demasiado solo. Era diferente e todo o mundo llo facía notar. Non tiña amigos e ninguén quería xogar con él.


Unha noite de lúa chea na que todo o poboado saíra de caza, Manbú foise da aldea e desapareceu na selva. Non volveron a saber de él durante meses ate que o volcán espertou. Os ollos de Manbú, sempre vixiantes, divisaron na claridade da noite, como da cima do volcán se iniciaba o rápido descenso da lava ardente. A aldea durmía sen presentir o perigo que se aveciñaba. Manbú a grandes zancadas atravesou o selva. Gritando e axitando os longos brazos espertou aos habitantes que pronto se puxeron a cuberto, logrando salvar as súas vidas das chamas candentes e as emanacións do azufre. O día seguinte, agradecidos pregáronlle que vovera. Pero Manbú non se sentía realmente querido e voltou desaparecer.

Algún tempo despois, a lúa que xogaba o escondite, perdeuse no firmamento. As noites sumíronse nunha triste e longa escuridade. A xente da aldea cazaba de noite e sen luz da dama branca morrerían de fame. Por eso o gran xefe da aldea ordenou tocar os tambores para chamar a Manbú e pedir lle axuda. Manbú acudiu á chamada, recostado na area, escoitou as suplicas da súa xente e como era un home de bon corazón accedeu a axudarlles.

Subiu a cima da montaña mais alta, levantouse sobre as puntas dos pés, estirou os brazos e coas puntas dos dedos rebuscou entre as estrelas ate atopar a lúa que se atopaba mareada e perdida nunha constelación. Atou o extremo dun fino fío ó borde da lúa e o outro extremo á rama dun árbol. Dende entón a lúa nunca mais voltou a perderse e está segura alá, no ceo da noite. Manbú atopou o cariño dos seus e a pesares de ser diferente, nunca máis volveu a sentirse solo.

Ves? O marabilloso é que todos, en certa forma, somos diferentes e incrivelmente iguais. Aínda que sexas branco como as tripas do pescado crudo, queremosche como eres.

E agora, meu querido Xavier envíoches un conto da miña terra de Africa.



3.2.- UN CONTO AFRICANO...



30

Dín que hai moitos, moitos anos cando aquel que todo o creou, colleu un cachiño de barro, modelou un home e unha muller e o coceu no forno. Cando adquiriron a cor da noite mirounos con felicidade e pensou que eran fermosos. Colocounos nas terras de Africa. Alí o sol é intenso e non se queimarían. Modelou de novo dúas figuras e as forneou ate que adquiriron o precioso color da arcilla. Colocounos en América donde vivirían felices coa suavidade do sol e o aire. De novo realizou a operación, pero esta vez non deixou que o barro dera color. A esta nova parella levouna a

Europa. Así pouco a pouco foi realizando figuras con coidado. Poblou os cinco continentes. Cando terminou soprou sobre as súas figuras e con un susurro díxolles: Ide polo mundo, encher o planeta de vida e facer o ben...

E así o pequeno planeta poblouse de persoas con todos os cores.

3.3.- PARA PENSAR E SORRIR:

1 .- Renacuaxo é unha das nenas que máis me sorprende nas miñas viaxes. Renacuaxo é especial pola súa curiosidade para pensar. Tamén ti eres especial. Seguro que ten un secreto que che fai unha persoa única e diferente. queres compartilo comigo?

2 .- Ahhhhhh!!!! Pero tamén ti es igual aos demais, en qué?

3 .- A Convención Internacional dos Dereitos dos Menos e as Menas dí: "Ninguén debe ser discriminado pola túa aparencia, o teu color, a túa orixe, o teu sexo, o teu idioma, as túas opinións..." Manbú sentíase solo, sentíase diferente, por qué crees que non querían xogar con el? ocorreuche algo así algunha vez?

4 .- Cando cheguei ao poboado sentíme moi raro. Era a única persoa de color branco e sen embargo acolléronme, axudáronme e déronme a súa amizade. Un día renacuaxo virá a miña casa.

Axúdame a pensar cinco cousas que lle axuden a sentirse querida cando veña.

5 .- Somos diferentes e especiais. Cada persoa sabemos facer distintas cousas, pensamos de distinta forma, movémonos e rímonos en diferentes situacións... Contáronme un mundo donde todos os seus habitantes eran exactamente iguais. Vestían cos mesmos pantalóns e camisetas de lunares. Tiñan as mesmas opinións, durmíanse e levantábanse á mesma hora. Todos traballaban cultivando champiñóns e claro... ¡comían champiñóns! Un día o despertar atopáronse con que un furón comera todos os seus champiñóns qué farían agora? de qué vivirían? Todos gritaron á vez, todos se rascaron a cabeza á vez... **segue tí o conto!!!**

6 .- E agora... quero contarche un segredo... cando nos enamoramos o facemos de persoas que son distintas a nos... **sabes por qué?**



3.4.- O LIBRO DOS POR QUES

Por que ao espertar sempre o sinto que hoxe ocorrerá algo especial?

Por que non podo ser unha persoa distinta cada día?

Por que soio podo voar en soños?

Por que hai nenos e nenas no mundo ós que non se lles respetan os seus dereitos?

Por que me sinto ben cando fago o que me dí a cabeza e o corazón?

Por que me entra un cosquilleo de felicidade cando penso que no mundo habitan miles de nenos e nenas diferentes que teñen moito que dicirme?

Por que miña nai non me deixa ir cos calcetíns con tomates?

3.5.- ALGUNHAS COUSAS PARA FACER...

Renacuaxo é unha nena e eu son un neno En que somos diferentes os nenos das nenas? poderías dicirme cinco cousas?... ahhhhhh pero non esquezas que temos os mesmos dereitos!

E tí como eres?

De todas estas palabras
*Con cales nos quedamos para
construír o respecto aos demais
e cales sacamos das nosas vidas?*

**Simpatía, odio,
harmonía, confianza,
curiosidade, indiferencia,
envía, amizade, desconfianza,
igualdade,
sospeita, medo,
paz,
desconfianza,**



A todas as persoas que traballan para que o mundo sexa mellor diríalles que...

Non se esquezan dos nenos e nenas que non teñen escola *porque...*

Non se esquezan dos nenos e nenas que están soios *porque...*

Non se esquezan dos nenos e nenas que viven as guerras *porque...*

Non se esquezan dos nenos e nenas que non teñen médico *porque...*

Non se esquezan dos nenos e nenas que viven nun novo país *porque...*



3.6.- RECORDA QUE....

Non importa donde naceras, non importa a cor do teu pelo ou da túa pel, non importa si era de gran altura ou de pouca, si tes os pes planos ou falas dúas idiomas. Podes usar a máñ esquerda ou ser hábil coas contas, podes vir de lonxe o viven na casa da esquina. Poder rirte alto ou non escoitar os sóns, podes... o importante, o realmente importante é que eres unha persoa con **DEREITOS. ¡NON OS ESQUEZAS!**

Podes ser veloz ou lento, podes ter moitas cousas ou poucas, podes ver como un lice ou ter pouca vista como os topos. Podes escoitar na noite como os lobos ou entender a linguaxe coas máns, podes ser hábil como as arañas ou intelixente e reflexivo con os buhos... podes ser diferente e especial. O importante, o realmente importante é que poidas chegar a ser o que ti queiras ser porque tes dereito a ter unha vida feliz **¡NON OS ESQUEZAS!**

Ao longo da túa vida atoparaste con centos de persoas distintas. De algunha enamoraraste, outras serán teus amigos e amigas. Algunhas ensenarache cousas importantes. Algunha regalarache un cachiño da súa vida. Outras pasarán o teu lado e non as volverás a ver... Cruzaraste con nenos e nas. Todos e todas diferentes e verdadeiramente importantes. Fai que sempre se sintan respectados e queridos. Ten o deber de velar por que se respeten os seus dereitos **¡NON OS ESQUEZAS!**

Poderás chamarte Marta Laila Marcos Laidy Pepe Liu Wang Takashi Lilaj Yuri Gladys Nambi Leda Maritza Ahmed Arundhati, o importante é que todos e

CAPITULO 4.- OS DEREITOS DOS MENOS E AS MENAS E A SOLIDARIEDADE

4.1.- A CARTA QUE CHEGOU DE EUROPA

Hola Xavier

Escríboche coa esperanza de que esta carta algún día chegue as túas máns. Fai tempo que alguén moi querido me falou de tí e das túas fotos. Chámome Saray e son xitana. Como ti, somos un pobo errante que amamos a vida e a liberdade. Fai moitos séculos comezamos a nosa viaxe nun país chamado India.

Hoxe o noso pobo habita en moitos lugares do mundo. Eu vivo en Europa, nunha aldea rodeada dun gran bosque. Os meus maiores ensináronme que o mundo enteiro é o noso fogar e que todos os seres humanos somos unha gran familia.

Contan que fai moitos, moitos anos, sucedeu un feito insólito que quedou gravado na memoria do noso pobo.

O noso pobo viaxaba por Centro Europa levando a alegría e cousas de

utilidade aos pobos do lugar. Por aquel entón non éramos máis de cincuenta e non faltaba ningún oficio entre as nosas xentes. Quen non afiaba coitelos para a cociña, vendía cachivaches para a casa. Había quen leía as máns e quen sabía de plantas para a dor de molas. Cacharreiros, malabaristas, contistas e cantores. Un home arraxaba reloxos e unha muller lía o destino nas cartas e sempre levabamos mensaxes dos lugares polos que habíamos pasado.

A nosa chegada a cada pobo era recibida con grande rebolo. Todo o mundo saía da súa casa e se reunía na praza para escoitar qué novas traíamos. Cantábase, ríase e escoitábanse as historias e noticias que chegaban de lonxe. Eran bos tempos para os xitanos e xitanas. Anos despois comezaron a perseguirnos... pero eso é unha historia triste. Que agora non quero contar.

Pois señor... ocorreu que, como sempre, chegaron cos seus cantos e o tocar das pandeiretas e guitarras a unha pequena aldea. Cál non sería a súa sorpresa cando ninguén, absolutamente ninguén saíu o seu encontro. As portas e ventanas estaban pechadas a cal e canto. Non se escoitaba nin un suspiro. Parecía que o mundo se houbera parado. Tan soio o vento sopraba polas rúas producindo remuíños de pó e palla.

Ante tanto silencio os xitanos e xitanas quedáronse desconcertados sen saber moi ben que facer. De pronto unha pequena criatura, pequena, pequena como unha noz, asomou pola rendixa dun portón. A nena, con xesto decidido, dirixiuse ao patriarca. Este a colleu na súa man e, preocupado, preguntouse que ocorrera. Saray contou como empezou todo, cando a panadeira lle negou un pouco de masa ao muiñeiro e éste lle negou un pouco de gran ao zapateiro e este negouse a remendar os zapatos á campesiña e esta negouse a dar un vaso de auga ao carteiro e éste negouse a levar as cartas á mestra e ésta negouse a dar clase e os nenos se negaron a axudar nos campos... e como se se tratase dun regueiro de pólvora, a solidariedade desapareceu do pobo. As xentes refu-



xiáronse nas súas casas por temor a ira dos veciños e veciñas, e a tristeza fíxose dona das rúas.

Os xitanos e xitanas asombrados do ocorrido sentáronse a dialogar e a buscar unha solución. Despois de moito deliberar chegaron á conclusión de que a solidariedade soio voltaría da mán da solidariedade. Así que planearon unha gran festa donde invitarían a todos os veciños e veciñas do pobo. Coceron pan, asaron comida, encheron as rúas de faroles de luz. O anoitecer todas as rúas destilaban xúbilo pero seguían valeiras. Casa por casa, porta por porta, portal por portal, os xitanos e xitanas acompañados da nena foron chamando polos seus nomes a todos os veciños e veciñas. Pouco a pouco, as cabezas foron asomándose. Primeiro con cautela, logo con asombro e por último con alegría.

Aquela noite a panadeira, o muiñeiro, a campesiña, o zapateiro, o carteiro e a mestra bailaron da mán ao fulgor da fogata. E din que unha señora contenta e satisfeita, que a todos resultaba familiar, estivo dando abrazos e bicos sen deixar de parlotear. Era a señora Solidariedade. Cada noite, miña aboa, sentada na veira da miña cama, cóntame este conto e dime nun susurro: “Eres a filla do bosque e un día voarás co vento, miña xitana, meu corazón errante”.

Saray

4.2.- PARA PENSAR E SORRIR....

1 .- Sabedes que penso? Que Saray atopou o seu tesouro porque coñece o seu destino. *Se un día atoparas unha caixa enterrada baixo un árbol qué che gustaría que houbera nela?*

2 .- Viaxo para facer fotos nas que ensinar como viven os nenos e nenas de todo o mundo. Saray é xitana. O seu pobo é moi solidario porque senten que os seus irmás son homes e mulleres do mundo. Viaxará como médica para axudar a quenes o necesiten. *E si ti decidiras viaxar, cal sería a túa misión?*

3 .- O pobo xitano fala o romaní. *Escribe unha carta a Saray coas seguintes palabras.* Alegría que quere decir **Alalá**. Amanecer: **Jachivelar**. Maestra: **Diquindí**. Médico: **Fulcheró**. Neno: **Chavó**. Nena: **Chaví**. Boas noites: **Lachís Tarachis**.



4.3.- COUSAS PARA FACER...

1 .-¡Non esperes máis! ¡Hai moitas cousas que reparar no mundo! ¡A poñerse o mandil! ¡A coller a escoba, o plumeiro, o estropallo! ¡a traballar!

Regar aos nenos e as nenas para que...

Lavar os mares para que...

Cantar ás árbores para que...

Branquear a contaminación para que...

Planchar a lúa para que...

Barrer as inxustizas para que...


Limpar os campos para que...

Barrer as guerras para que...

Cultivar os corazóns para que...

Plantar escolar para que...

Coser o futuro para que...



2 .- Unha cadea de solidariedade. Hoxe levántate de forma solidaria. Fai unha boa acción a dúas persoas por exemplo facer o almorzo a túa nai ou regalar cromos a túa compa. Esas dúas persoas terán que facer dúas boas accións a outras dúas... e así a cantas persoas chegarás?
i!!teremos unha cadea de solidariedade!!!!



3 .- Hai moito rebumbio esta mañá. Veu a señora esperanza toda contenta cargada de boas noticias. **E tócache a tí presentar o telediario...**


Hoxe queremos informarlles que no mundo:

Acabáronse as guerras...

Todos os nenos e nenas están de vacacións

Na miña cidade...

No fondo do mar...



4 .- A señora esperanza ten como veciña á señora solidariedade. Hoxe as dúas están tecendo unha bufanda porque o mundo que ten calentura de un atraganto de desgustos. *Que medicina lle podemos dar ó mundo para que se poña bo?*



46

5.- O LIBRO DOS POR QUES

Por que é tan difícil entender o que ocorre no mundo?

Por que cando río se me enche o corpo de burbullas?


Por que vivimos nun sitio fixo e non errantes polo mundo?

Por que cándo saímos do colexio o fago correndo e gritando ?

Por que non compartimos o bocadillo ?

Por qué uns teñen tanto e outros tan pouco ?

Por qué non me gusta que se acaben os contos ?



Por qué cando a metade do mundo dorme a outra está esperta ?

Por que me senta ben a amizade ?

6.-NON ESQUEZAS QUE...

Cando sentas que todo é moi difícil ou che alague a tristeza. Cando sentas que se coa a soidade polo teu xersei ou teñas medo na noite, cando che desbasta a garganta ou se che rompa o teu xoguete preferido, recorda que, cerca hai alguén que pensa en ti...iso é sentir a solidariedade.

Todo pode ser moito mellor. Para que todos os nenos e nenas do mundo vaian á escola. Para que ninguén pase frío. Para que todas as persoas poidan ter medicamentos, casa, alimentos...para que o mundo sexa mellor, é necesaria a nosa axuda. Non importa que chiquita sexa...e a isto chámase solidariedade.

Colaborar na túa casa, apoiar aos teus amigos e amigas, organizar un club, acompañar ao compañeiro que acaba de chegar novo a clase, non pelexarse, enviar unha carta a unha escola dun país afastado, gardar os libros para que outros nenos e nenas poidan utilízalos, coidar as árbores e os animais, non gastar a auga, reciclar os lixos...entender o que ocorre noutros lugares afastados...todo isto é actuar con solidariedade.

Sentir que tes moito que dicir e moito que facer por este vello planeta. Sentir que todo o que ocorre aos nenos e ás nenas ocórreche un pouco a tí. Crer que todo pode cambiar para mellor. Saber que a solidariedade é axudar a que todos os nenos e nenas teñan os mesmos dereitos. Todo isto, é ser solidario, é ser solidaria.



CAPITULO 5.- O DEREITO A PARTICIPAR

6.1.- A CARTA QUE CHEGOU DE OCEANÍA

A légrome de saúdarche de novo. Recibimos as túas fotos hai dous meses. Colocámolas nuns marcos preciosos e están colgadas no Concello. Estiven pensando moito sobre o que me dixeches dos dereitos dos nenos e nenas. Non o pensara antes, pero despois de que ti o contaras na escola estívenlle dando voltas ate que me deu dor de cabeza enorme e deixei de pensalo. Agora o veño claro. Creo que sería importante que todos os nenos e nenas do mundo coñeceran os seus dereitos. Pensando pensando pregunteme ¿Cal é o máis importante? E Xavier, eu creo que é poder participar. Quero dicir que é importante que te teñan en conta ¿entendes? E que che escoiten, claro!!! Polo que para participar alguén che ten que escoitar. Por que si estas solo ¿con quen participas? ¿contigo mesmo? Pois é o que pensei. E sabes por que o teño tan claro? Por que a uns poucos kilómetros de aquí, nun tempo lonxano, ocorreu algo importante, algo que a primeira vista pode parecer insignificante, pero que si o pensas ben pode explicar o que quero dicir.

Hai moitos, moitos anos, tantos que se perdeu a conta existía unha diminuta cidade que apenas alberga a vinte casas coas súas familias, unha fonte, tres árbores, un can, dous gatos e un reloxo de cuco. Non se sabe porque razón o primeiro alcalde había ordeado construír un alto muro que pechaba a cidade con unha enorme porta. Todas as mañáns os habitantes saían pola enorme porta de madeira e dirixíanse os seus traballos, ós campos ou á escola. Na cidade soio

quedaban os dous gatos, o can, a boa señora Monn e o pequeno Puck que a axudaba. A señora Mon era a cociñeira oficial. Mentras todos estaban fora ela afanábbase en preparar a comida cada día con axuda de Puck. A hora do mediodía esperaba co pucheiro quente, que uno a un os habitantes traspasaran a porta para sentarse a comer. Pero todos os días se encontraba con que a hora de chegada se retrasaba e sempre terminaba quedándose todo frío.

Un día no que preparara unhas estupendas patacas estofadas colocouse fronte o seu grande pucheiro, co seu delantal, o seu moño na nuca e unha cuchara na mán. Ela e Puck sabían que como todos os días, os habitantes chegarían tarde e que como todos os días a Señora Monn se enfadaría. Pero ese día sucedeu algo extraño. Puck enseguida se deu conta de que o xesto da señora Moon non era como sempre. Había certo aire de determinación na súa mirada que non había coñecido ate entón. Cando o cuco deu as catro en punto, a señora Moon apagou o lume que ardía baixo o pucheiro, quitou o delantal e con paso rápido, saíu da cociña. Detrás corrían Puck, os gatos e o can. Ante a mirada asombrada de Puck, a señora Moon pecho a gran porta da cidade, deixou a chave coidadosamente gardada baixo un ladrillo do camiño e desapareceu no horizonte.

Como todos os días os habitantes volveron cantando polo camiño. Cal sería a súa sorpresa cando se atoparon coa enorme porta da cidade completamente pechada. Os primeiros momentos foron de un enorme desconcerto. Todos gritaban e falaban á vez intentando explicarse o que pasara. Despois de varias horas de confusión e barullo decidiron facer unha asemblea para buscar a mellor solución. O pequeno Puck intentou explicar en varias ocasións o ocorrido, pero ningún, absolutamente ninguén lle prestou atención. No acalorado debate dos días posteriores propuxéronse varias iniciativas inxeniosas, como saltar o muro, escavar un túnel, facer un torre humana, intentar voar. Pero ningún prosperou. Puck intentou falar unha e outra vez, pero ninguén o escoitou.

O octavo día, cando os habitantes estaban desfalecidos do fame e o cansancio, Puck levantou o ladrillo do camiño, cólleo a chave e gritou con toda a forza dos seus pulmóns “teño a chave” “teño a chave”. Todas as miraras se volveron hacia él. O pequeno Puck tiña a solución dende o principio pero nadie se molestara en pedirlle que participara e menos en escoitalo. Puck entregou a chave. A porta abriuse. E todos foron correndo a comer o estafado frío.

Aquel día os habitantes da pequena cidade aprenderon tres cousas. A primeira: todo o mundo ten que ser escoitado. A segunda: ningunha cidade debería estar pechada por un muro e a terceira: a señora Moon nunca voltaría.

¿Ves? Pero tes que saber que é tan importante ser escoitados como saber escoitar. E se non escoita esta lenda dos indios Carawa.

Contan que os Carawa poden escoitar ós animais, ás árbores e ó vento... entenden o son da noite e o día. Nunca senten a soidade. Dín que si sabes escoitar descubrirás un segredo en cada unha das pequenas cousas da natureza e así xamáis sentirás a soidade, nin o medo nin terás fame porque a terra che fala.

Xavier estas palabras debes gardalas como un tesouro. Chegará un día no que terás que contarllas os teus fillos e fillas e estos ós seus e así se transmitirán de xeneración en xeneración.

E agora voume a xogar un rato. Adios.

Tibuli



6.2.- PARA PENSAR E SORRIR:

1 .- Sempre me gustou tomar as miñas propias decisións. Por exemplo que quero merendar, que calcetins me vou poñer ou que caramelos me gustan mais. Hai outras nas que non podo opinar porque non dependen de mín, como que se pare o reloxo á hora da sesta ou que se aparte esa lúa que me tapa o sol. *Nun día normal, dende que te levantas ate que te deitas, qué cousas decides tí e que non podes decidir? que deciden teus pais?, que decide o mestre?.*



2 .- Hai moitas formas de intentar que che fagan caso , que adoitas facer tí?

- Cos teus amigos e amigas...
- Con teus pais...
- Coa mestra...
- Coa panadeira...
- Co teu can...



6.3.- O LIBRO DOS POR QUES

Por que non é frecuente que se conte coa opinión dos nenos e nenas ?

Por que ós adultos lles costa tanto responder as nosas preguntas ?

Por que si os nenos e nenas non organizan as guerras as sofren ?

Por que Mozart sabía tocar o piano tan pequeno ?

Por que as chicas non xogan ao fútbol ?

Por que me teño que deitar tan pronto ?

Por que non podo decidir o que quero soñar ?



6.4.- ALGUNHAS COUSAS PARA FACER...



56

1 .- Caparuchiña, Garavanciño, Brancaneves, Puma, Cincenta, o Gato con botas... son algúns dos meus heroes preferidos. Nos contos teñen que tomar decisións moi valentes. *Agora que ninguén nos escoita a quen che gustaría parecerse a ti e por qué?*

2 .- Ao longo das miñas viaxes aprendín unha cousa moi importante. Os nenos e as nenas saben moi ben en que mundo queren vivir... *E tí? Como é o mundo que te imaxinas?*

3 .- Ofrece!!! Tes moito que dicir. A túa opinión é importante. Así que **constrúe un anuncio** no que te ofreces para arranxar o mundo. No anuncio tes que escribir:

*Como te chamas
Anos
Que sabes facer
Para que te ofreces
Que queres a cambio*



4 .- Unha receita... Se es tímido ou tímida. Se che da vergoña expresarte... se non sabes como dicir o que pensas... se non te atopas con forza... io mellor é unha receita!

Unha boa dose de sentido común.

Cinco graos de confianza

Dúas culleradas de voz

(Continúa ti coa receita...)

5 .- Participar está ben... pero tamén se tes obrigas (como recoller o teu cuarto, facer os deberes...) Imaxina que as podes colocar todas nunha caixa de zapatos. Escribe cada obriga nun papel e gardas na caixa. Que as túas amigas e amigos fagan o mesmo. Revolver ben. Agora introduce a mán e saca un papelíño. **Terás que facer o que pon e así substituír ao teu amigo ou amiga.**



6.7.-NON ESQUEZAS QUE...

Tes dereito a que te escoiten e a que respecten a túa opinión. Ti sabes moi ben o que queres dicir. Coñeces o teu mundo e as respostas a moitos problemas. Tes ideas xeniais e moita imaxinación. As túas palabras constrúen o camiño dos pensamentos. A túa opinión é moi importante. ¡Recórdao!

Escoita ós amigos e amigas, ás persoas maiores, á natureza. Ten ben abertos os ollos e os oídos. Escolta ó mundo que avanza. Observa o que ocorre, escoita a vida ¡Recórdao!

Participa ¡Participa sempre!!! No colexio, na casa, na rúa, no parque... Contamos contigo para que os soños se fagan realidade. A túa participación é importante para facer un mundo mellor.



tenho o direito a
que me escitem



as miñas verbas construen o camiño dos pensamentos



coñeço o meu mundo e as respostas a moitos problemas



eu sei máis ben o que quero dicir

